AQUELES PRIMEIROS ANOS (1981-1989)

PARLAMENTO DE GALICIA

30 ANOS PARLAMENTO DE GALICIA

AQUELES PRIMEIROS ANOS (1981-1989)

Presentación

"Aqueles primeiros anos (1981-1989)" é unha ollada sobre os feitos máis destacados que ocorreron no Parlamento de Galicia durante as dúas primeiras lexislaturas, ricos en vivencias e que resultaron decisivos. A exposición tamén lles rende unha sincera homenaxe a todos aqueles novos deputados e deputadas que cubriron unha difícil andaina, non sempre ben comprendida e valorada.

No primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, e no primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, quero personalizar estes bos sentimentos, xunto a unha mención especial a Rosa Gómez Limia, Emma González Bermello, María do Carmen Lovelle Alén e Flora Veiga Aldariz, as únicas deputadas que se abriron un oco pequeniño naquelas dúas primeiras lexislaturas.

Como presidenta do Parlamento de Galicia quérolles expresar a miña gratitude a todas as persoas que dunha ou doutra maneira traballaron e colaboraron connosco para facermos posible a montaxe desta mostra. Convídoos a percorrela e agardo que lles guste.

Xullo de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta do Parlamento de Galicia

AQUELES PRIMEIROS ANOS
(1981-1989)

Introdución

O dito popular di que unha imaxe vale máis que mil palabras, cousa que é ben certa no caso desta exposición. A primeira ollada desta mostra é polo tanto exclusivamente gráfica. A súa esencia é claramente visual, cunha primacía da imaxe que o di todo.

Pero logo, a exposición ten outros dous percorridos máis repousados. Unha primeira lectura é a través dos textos principais que acompañan as imaxes no centro de cada panel. E aínda ten a mostra outra lectura, xa máis minuciosa, como os pés de todas as fotografías, para os que queiran saber un pouco máis.

A ninguén se lle escapa que a selección de feitos históricos non foi nada sinxela. Non imos defender unha obxectividade seguramente imposible, pero si lles garantimos que non renunciamos a un exercicio de busca da imparcialidade e do equilibrio necesario para a súa composición xeral.

O gran protagonista da mostra é o Parlamento de Galicia. O ollo do boi está centrado nos deputados e nas deputadas daquela Cámara, que cumpriu moi ben coa súa función esencial, e que ten todo o dereito a reivindicarse como o que foi en verdade: o epicentro da vida política galega dos anos oitenta.

Á benevolencia de todos vostedes sometemos este traballo que fixemos coa maior admiración, respecto e cariño cara a aqueles primeiros anos do Parlamento de Galicia.

Xullo de 2011

Rafael López
Coordinador xeral

Índice

A Preautonomía (1977-1981) 8
O Parlamento en Xelmírez (19-12-1981) 10
A investidura de Albor (8-1-1982) 12
A disputa da capitalidade (24-Xuño-1982) 14
O traslado a Fonseca (30-6-1982) 16
Un pacto pola estabilidade (9-3-1983) 18
O acordo pola lingua (15-6-1983) 20
Castelao retorna a Galicia (28-6-1984) 22
O consenso electoral (13-8-1985) 24
O segundo Parlamento (17-12-1985) 26
A reelección de Albor (21-2-1986) 28
A compra do cuartel de Veterinaria (24-3-1986) 30
A morte de Rosón (24-4-1986) 32
Pérez Vidal, novo presidente (13-5-1986) 34
50 anos do Estatuto do 36 (28-6-1986) 36
A visita do príncipe (15-12-1986) 37
A ruptura de Barreiro (30-10-1986) 38
A volta de Rajoy (4-11-1986) 40
A moción de censura (23-9-1987) 42
Laxe, presidente do tripartito (29-9-1987) 44
O momento máis difícil (2-3-1988) 46
Cumio de presidentes (1-7-1989) 47
A autonomía a debate (14-3-1989) 48
A lei das tres universidades (11-7-1989) 50
A lei da iniciativa popular (20-6-1989) 51
A inauguración do Hórreo (10-10-1989) 52
A era de Fraga (17-12-1989) 54
Vídeos 1: Imaxes da I lexislatura (1981-1985) 56
Vídeo 2: Imaxes da II lexislatura (1985-1989) 57
Fontes documentais 58

A Preautonomía

(1977-1981)

Unha forte mobilización cidadá contra o Estatuto denigrado no Congreso dos Deputados conseguiu a paralización da súa tramitación durante nove meses, ata que se logrou reconducir a situación e aproximarse de novo ao texto inicial consensuado.

A Preautonomía foi un dos momentos máis cruciais da recente historia de Galicia. O camiño non foi doado, desde a constitución da Asemblea de Parlamentarios, saídos dos primeiros comicios xerais, ata a aprobación do Estatuto que enmarcou as eleccións galegas, pasando pola creación do propio réxime preautonómico.

Moitos e destacados actores, principais e secundarios, foron partícipes deste apaixonante período. Non obstante, o gran protagonista foi Antonio Rosón Pérez, presidente da Asemblea de Parlamentarios de Galicia e da Xunta preautonómica. Ninguén fixo máis con menos, entre a incomprensión duns e a indiferenza de moitos.

A elaboración do texto estatutario foi a principal tarefa que asumiron as distintas forzas políticas. O traballo de redacción resultou especialmente complicado. O chamado "Estatuto dos 16", que logo acadou un gran consenso, foi rebaixado no Congreso dos Deputados, e volveu convertido no "Estatuto da aldraxe".

O pretendido recorte das competencias galegas a un nivel inferior ás outorgadas con anterioridade a cataláns e vascos orixinou un forte rexeitamento social. Finalmente, a situación puido endereitarse, ata desembocar no Pacto do Hostal, que marcou a boa senda para a realización dun referendo e a posterior convocatoria electoral.

1. O primeiro borrador do Estatuto de autonomía foi redactado pola denominada Comisión dos 16, na que estaban representadas forzas políticas minoritarias. Este texto fixaba o máximo teito competencial permitido pola Constitución (7-4-1979).

2. A Xunta, como órgano de goberno de Galicia na Preautonomía, constituíuse no pazo de Xelmírez de Santiago, baixo a presidencia de Antonio Rosón. (18-4-1978).

3. UCD, PSdeG-PSOE, AP, PCG e PG foron as forzas que elaboraron e asinaron o Pacto do Hostal, que fixo posible a supresión da disposición que supoñía a degradación e a tutela da autonomía galega. De esquerda a dereita, Pousa Antelo, Anxo Guerreiro, Luís Sobrado, Miguel Sanmartín, Francisco Vázquez, González Amadiós e Xosé Luís Barreiro (27-9 1980).

4. A forte campaña que fixo a Xunta preautonómica para lograr unha votación masiva no plebiscito do Estatuto non conseguiu o obxectivo buscado. Máis dun 70% do electorado non participou na votación, aínda que obtivo un 73% favorable do 29% que concorreu ás urnas (21-12-1980).

O Parlamento en Xelmírez

(19-12-1981)

La Voz de Galicia
«AP» DIO LA SORPRESA

FARO DE VIGO
CHAMPION
APLASTANTE TRIUNFO CENTRO-DERECHA

Diario de Pontevedra
GALICIA es de DERECHAS
ANDALUCIA REFRENDA EL ESTATUTO
FRAUDE EN LA FABRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE

1

EL CORREO GALLEGO

XURXO LOBATO

XURXO LOBATO

2

Unha chamada á participación foi a mensaxe máis repetida polas dezaseis forzas políticas que participaron nas primeiras eleccións galegas do 20 de outubro de 1981. A pantasma da abstención preocupáballes moito.

O presidente da Preautonomía, José Quiroga, vía tan segura a vitoria da UCD que outro resultado lle parecía tan improbable como que o Amazonas cambiase o seu leito.

O vaticinio fallou. O río seguiu por onde sempre e Alianza Popular gañou as eleccións. A lexislatura botou a andar chea de ilusión, aínda que con pouca bagaxe.

O Parlamento situouse desde o primeiro momento no centro da vida política galega ante a falta de maiorías e a necesidade de acordos entre os distintos grupos.

1. A sesión de constitución o 19 de decembro fíxose coincidir coa data da aprobación do Anteproxecto do Estatuto de 1932 pola Asemblea Rexional dos Concellos Galegos.

2. O pazo de Xelmírez acolleu a constitución do primeiro Parlamento pola súa fonda significación histórica. A Mesa de Idade estivo presidida por Manuel Iglesias Corral, o deputado máis vello, con 80 anos, e as dúas secretarías correspondéronlles aos deputados máis novos: Mariano Rajoy Brey e Tomás Pérez Vidal, que tiñan 26 anos.

3. A autoridade e o prestixio de Antonio Rosón (UCD) (felicitado por José Quiroga) valéronlle para a súa elección como presidente do Parlamento na primeira votación. González Mariñas (UCD), Moure Mariño (AP), Rosón Pérez (UCD), González Amadiós (PSdeG-PSOE) e Rajoy Brey (AP) formaron a primeira Mesa do Parlamento. Ao fondo, Fariña Jamardo, en funcións de oficial maior.

3

XURXO LOBATO

A investidura de Albor

(8-1-1982)

1

XURXO LOBATO

2

3

A vontade de colaboración que AP e UCD amosaron na composición da Mesa do Parlamento xogou a favor da elección de Gerardo Fernández Albor como presidente da Xunta.

A división que xa vivía a UCD impediu que este grupo aceptase o pacto de goberno ou de lexislatura que lle ofreceu AP. E tamén os galeguistas independentes do PSdeG-PSOE apoiaron só a investidura de Albor, sen ningún outro compromiso.

Sen apoios parlamentarios, con escasos medios e poucas competencias, o primeiro goberno da Xunta comezou a súa particular travesía do deserto, que aínda se prolongaría máis dun ano.

Mentres que o vicepresidente Romay Beccaría e Barreiro Rivas, conselleiro da Presidencia, dirixían as tarefas do goberno, o presidente Albor convertíase nun mensaxeiro da autonomía percorrendo toda Galicia.

O primeiro goberno da Xunta estivo composto por 12 consellerías, sen a presenza de ningunha muller.

1. Albor foi investido polo Parlamento o 8 de xaneiro como presidente da Xunta por 52 votos a favor, 17 en contra e unha abstención. Rosón estivo ausente por unha indisposición que causou moita preocupación na Cámara.

2. Os deputados da UCD votaron en bloque a favor da investidura de Albor, pero as diferenzas internas, que moi pronto asomaron no grupo, terminaron por rompelo un ano despois.

3. A amizade de Ramón Piñeiro con Albor foi decisiva no voto favorable á súa investidura dos tres galeguistas (Casares, Casal e o propio Piñeiro), mentres que Alfredo Conde se abstivo.

4. A toma de posesión do presidente Albor tivo lugar o 21 de xaneiro na igrexa de Santo Domingo de Bonaval, ante o ex presidente, José Quiroga; o delegado do Goberno, Domingo García Sabell, e o presidente do Parlamento, Antonio Rosón, xa recuperado.

XURXO LOBATO

4

A disputa da capitalidade

(24-Xuño-1982)

Na Coruña xurdiu un forte movemento cidadán que reclamou a capitalidade da Comunidade Autónoma, unha esixencia que defenderon con ardor todos os seus deputados.

A elección da sede das institucións foi a primeira lei que se debateu no Parlamento. As intervencións prolongáronse ata a madrugada da noite de San Xoán, en medio dunha gran tensión entre os deputados coruñeses.

Os esforzos de Francisco Vázquez e González Mariñas resultaron inútiles, porque o resultado da votación foi contundente: 60 votos a favor da capitalidade en Santiago e 8 en contra.

1. Os coruñeses que saíron á rúa, e encheron a praza de María Pita, sentíronse logo moi decepcionados ao non acadar a capitalidade.

2. A gran maioría da Cámara galega non compartiu os argumentos dos deputados coruñeses na defensa das súas teses.

3. Francisco Vázquez non se cansou de defender a tese coruñesista con pouco éxito en repetidas intervencións que lle concedeu o presidente Rosón, coa súa recoñecida flexibilidade.

DECLARACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO
Ao final dese Pleno aprobouse unha declaración para que o Camiño de Santiago fose recoñecido como ben cultural común de Europa, unha iniciativa promovida pola Asociación Amigos dos Pazos

REGULAMENTO PROVISORIO
O Regulamento provisorio do Congreso dos Deputados (1977) rexeu de xeito supletorio na Cámara galega ata que se aprobaron as normas propias. A Comisión do Regulamento formouse o 15 de xaneiro de 1982 con 18 deputados e o ditame final foi aprobado por 45 votos a favor, 3 en contra e 2 abstencións.

VÁZQUEZ MARCHA. CHEGA PRESEDO
Tras a súa elección como deputado do Congreso, Francisco Vázquez deixou a finais de ano o seu escano no Parlamento e foi substituído por Antolín Sánchez Presedo.

O traslado a Fonseca

(30-6-1982)



O Parlamento pronto mudou as súas principais dependencias desde o pazo de Xelmírez ao de Fonseca, que lle cedeu a Universidade de Santiago. O cambio foi beneficioso porque, ademais de mellorar as súas instalacións, provocou o achegamento dos deputados á vida compostelá.

Un dos primeiros traballos da Cámara foi a elaboración dun regulamento propio para rexer o seu funcionamento. O texto pactado entrou en vigor o 1 de xullo de 1982. Un ano despois sufriu unha pequena reforma, e xa se mantivo vixente ata unha década máis tarde.

A aplicación do Regulamento tivo como consecuencia inmediata a expulsión dos tres deputados do Bloque-PSG por negarse a acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía. A legalidade desta medida foi confirmada logo polo Tribunal Supremo.

PRIMEIROS SENADORES DESIGNADOS
María del Carmen Lovelle (AP), Senén Bernárdez (UCD) e Celso Montero (PSdeG-PSOE) foron os primeiros senadores designados polo Parlamento en representación da Comunidade Autónoma na Cámara Alta.

A LEI DE ORZAMENTOS
A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia foi aprobada polo Parlamento a finais deste ano 1982. O seu primeiro montante ascendeu a 13.487.171.431 pesetas (case 82 millóns de euros).



1. O primeiro Regulamento estableceu que as linguas oficiais do Parlamento eran o galego e o castelán, aínda que o uso deste último suscitou algúns reparos. Desde a tribuna de Fonseca, o voceiro do PSdeG-PSOE, Ceferino Díaz, mostrouse sensible á colaboración institucional a favor dun autogoberno forte.

2. A primeira sesión no pazo de Fonseca tivo lugar na tarde do 30 de xuño de 1982. Os deputados sentíronse máis cómodos co cambio de sede e a súa presenza converteuse en habitual polas rúas máis próximas.

3. A expulsión parlamentaria de Bautista Álvarez, Claudio López e Lois Diéguez derivou nunha irada protesta e a policía impediulles a entrada na Cámara. Na mesma porta recibiron a liquidación dos seus haberes e perderon a condición de deputados.

Un pacto pola estabilidade

(9-3-1983)

Siro.

A disolución da UCD, o partido hexemónico durante a etapa preautonómica, tivo o seu reflexo inmediato no Parlamento. Mentres unha parte dos deputados ingresou en Alianza Popular, a outra sumouse a Colición Galega, unha nova formación que alcanzaría un destacado protagonismo na política galega.

O presidente Albor remodelou a Xunta para dar entrada a tres deputados da UCD (Carlos Mella, Víctor Vázquez Portomeñe e Javier Suárez Vence) e reflectir así a estabilidade parlamentaria que lle facilitaba moito as cousas ao seu goberno.

O novo vicepresidente, Carlos Mella, logrou arrincarlle 12.000 millóns de pesetas ao Estado na negociación das transferencias, unha cantidade impensable que foi moi ben recibida. Pero o desacordo con Barreiro polo reparto dese fondo rematou coa dimisión de Mella.

1. O voceiro de AP, Xosé Luís Barreiro, saíu vitorioso do pulso que mantivo con UCD na Cámara durante o primeiro ano de lexislatura para evitar derrotas parlamentarias que debilitaron o goberno de Albor.

2. González Mariñas amosouse sempre nas súas intervencións parlamentarias moi preto das teses máis nacionalistas. Tras a desintegración da UCD non quixo entrar en AP, refundou o PGI e despois integrouse en Coalición Galega.

3. Tras a súa dimisión como vicepresidente da Xunta, Carlos Mella integrouse en CG, unha opción política galeguista e moderada que anos despois foi vítima das súas contradicións internas.



O acordo pola lingua (15-6-1983)

Carlos Casares e Ramón Piñeiro (primeiro e terceiro pola dereita, dous dos catro galeguistas independentes do PSdeG-PSOE, xunto a Benxamín Casal e Alfredo Conde) tiveron intervencións providenciais para superar os momentos máis difíciles, coa complicidade do presidente Rosón.

Unha proposta inicial de Camilo Nogueira (EG) deu lugar á aprobación dunha das leis máis celebradas: A Lei de normalización lingüística. A súa tramitación resultou moi complicada e por este motivo a satisfacción dos deputados foi maior ao conseguir un acordo unánime.

O consenso foi posible grazas á xenerosidade de todos os grupos, e a aprobación da norma suscitou o primeiro aplauso xeral desde os escanos que se escoitou na historia do Parlamento.

A entrada en vigor da Lei de normalización lingüística despexoulle o camiño ao uso cotián do galego en todos os ámbitos. A súa aceptación viuse reforzada un ano despois coa aprobación doutra lei básica: A Lei de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia.

Os acordos maioritarios sobre temas importantes marcaron unha etapa de consenso. Froito dese clima foron as leis de recoñecemento da galeguidade, do Consello da Cultura Galega ou do Valedor do Pobo, entre outras.

1. A proposición de lei de Camilo Nogueira empezou mal a súa tramitación parlamentaria pola utilización do galego como causa de disputa. Pero rematou ben e permitiu a súa toma en consideración.

2. O conselleiro de Cultura, Xosé Filgueira Valverde, mostrouse conciliador en nome da Xunta e asumiu a conveniencia de elaborar con urxencia unha lei sobre o uso do galego a partir das propostas existentes.

3. Barreiro Rivas mantivo en representación de AP unha postura aberta durante toda a tramitación e contribuíu moito ao consenso acadado.

4. José María Pardo Montero foi o encargado de presentar ante a Cámara o texto alternativo. A redacción final da lei foi asumida por todos os grupos.



Castelao retorna a Galicia

(28-6-1984)

Os actos civil e relixioso en Santo Domingo de Bonaval estiveron cheos de emotividade. O presidente Albor colocou sobre o féretro a medalla de ouro de Galicia, que foi creada con tal motivo, mentres unha gran ovación resoaba nas naves do Panteón.

ARQUIVO PARLAMENTO

LALO

ARQUIVO PARLAMENTO

O Parlamento expresou un desexo unánime de que os restos de Castelao volvesen a Galicia, e as xestións encargadas aos presidentes Albor e Rosón diante da familia e do Goberno de Arxentina deron pronto os froitos desexados. Na véspera do seu agardado retorno, a Xunta acordou renderlle a máis alta homenaxe.

A chegada dos restos a Lavacolla fíxose coincidir coa data do aniversario do plebiscito do Estatuto de 1936. O percorrido do coche fúnebre ata Santo Domingo de Bonaval resultou bastante accidentado. Sucedéronse as cargas policiais e houbo varias detencións polas violentas protestas.

O acto civil tivo que celebrarse no interior do templo e foi seguido dunha misa na que cantou a Coral Polifónica de Pontevedra, á que Castelao estivera moi unido. Os seus restos foron introducidos nunha gran urna no Panteón de Galegos Ilustres, mentres a Polifónica cantaba o himno galego.

1. O avión atrasou a chegada a Lavacolla case tres horas por unha ameaza de bomba en Barajas. A súa irmá Teresa levou a espera con gran serenidade e estivo arroupada polas principais autoridades galegas.

2. Albor e Rosón cubriron o féretro coa mesma bandeira galega que se utilizara no enterro de Castelao en 1950 no mausoleo que ten o Centro Galego no cemiterio de La Chacarita, de Bos Aires.

3. Numerosos autobuses desprazáronse ata Santiago para darlle un cálido recibimento e centenares de persoas seguiron o percorrido do coche fúnebre, que estivo marcado por moitos incidentes nas proximidades da igrexa.

M. BLANCO

ARQUIVO PARLAMENTO

O consenso electoral

(13-8-1985)

Os escanos do pazo de Fonseca foron as máis das veces un fervedoiro político que estreitou as relacións entre deputados, á marxe das súas diferenzas ideolóxicas. Os intercambios de opinións foron constantes nas bancadas.

ARQUIVO EL CORREO GALLEGO

O derradeiro gran acordo da primeira lexislatura produciuse arredor da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia, que tiña unha importancia extraordinaria para todos os partidos. Ante a proximidade electoral a norma atrasou a súa aplicación ata os seguintes comicios de 1989.

A nova lei electoral galega subiu de 71 a 75 o número de deputados. Fixou un tope do 3% dos votos como porcentaxe mínima para acceder á Cámara. Estableceu un réxime de incompatibilidades e non elixibilidades non moi duro, e permitiu o nomeamento dos alcaldes como deputados.

A primeira lexislatura cerrouse cun total de corenta leis aprobadas, que impulsaron o desenvolvemento do Estatuto e ampliaron o campo de xogo da autonomía. Neste sentido, o último ano foi o máis fecundo na produción parlamentaria.

PROTESTA DOS AGRICULTORES
Os agricultores galegos foron os protagonistas da primeira manifestación importante ante a sede do Parlamento en Fonseca para protestar polos termos da adhesión de España á Comunidade Económica Europea que consideraban moi prexudiciais.

O DISPUTADO VOTO DE ROSÓN
Por vez primeira na historia do Parlamento, o presidente votou en contra do seu grupo e impediu a derrota do Goberno. Rosón desfixo os empates sucesivos na tramitación da Lei de ordenación universitaria de Galicia. Logo de ter vía libre, o conselleiro Vázquez Portomeñe retirou a lei para acadar o consenso reclamado pola oposición.

1. O Parlamento incrementou a súa actividade lexislativa a medida que transcorreu a primeira lexislatura e 1985 foi o ano máis frutífero, cun total de 15 leis aprobadas. A Lei de ordenación marisqueira e cultivos mariños pechou o último período de sesións.

2. A Televisión de Galicia iniciou as súas emisións o 24 de xullo de 1985, aínda que non tivo unha programación regular ata o mes de setembro. Albor presidiu a cerimonia en compañía de Barreiro, o seu principal artífice.

3. Ceferino Díaz, Ramón Piñeiro e Camilo Nogueira tiveron un papel moi activo na consecución dos acordos lexislativos durante aqueles primeiros anos de moita trasfega. Anxo Guerreiro, o único deputado do PCG, tamén se mostrou flexible en moitas intervencións para facilitar os consensos.

4. Albor e Barreiro comentaron nos seus escanos moitas veces as propostas alternativas que escoitaban dos voceiros parlamentarios sobre as posicións gobernamentais. A súa receptividade en moitos temas importantes sempre foi ponderada.


ARQUIVO EL CORREO GALLEGO

XURXO LOBATO

O segundo Parlamento

(17-12-1985)

La Voz de Galicia

Coalición Popular gana en las cuatro provincias y queda a dos puntos de la mayoría absoluta

DIARIO DE PONTEVEDRA

Sin novedad en las urnas

Coalición Popular no obtuvo mayoría absoluta

Pero afirma que gobernará en solitario

1

EL CORREO GALLEGO

EL CORREO GALLEGO

2

XURXO LOBATO

3

Os resultados electorais do 24 N deixaron a Coalición Popular (AP-PDP-PL) ao bordo da maioría absoluta, pero tamén abriron a porta á negociación dun goberno alternativo entre os demais grupos parlamentarios. Coalición Galega converteuse no árbitro da nova situación política.

Antonio Rosón resultou reelixido presidente do Parlamento na segunda volta, só cos votos de Alianza Popular. Neutralidade, tolerancia e flexibilidade constituíron a declaración de principios para o exercicio do seu labor diante da nova lexislatura.

Ante a falta de acordos previos, Coalición Popular fixo valer a súa maioría e ocupou tres postos na constitución da Mesa. Os demais grupos parlamentarios protestaron por esta decisión.

1 e 4. Rosón seguiu coa súa protección dos dereitos das minorías fronte ás maiorías parlamentarias, e avogou por un maior achegamento do Parlamento ao pobo como principal reto.

2. Cun caravel vermello na man esquerda e a man dereita sobre *Sempre en Galiza* prometeu Xosé Manuel Beiras o seu acatamento á Constitución e ao Estatuto. O BNG normalizaba así a súa situación no Parlamento.

3. Sande García, González Amadiós, Rosón Pérez, Pérez Vidal e Núñez Carreira (de dereita a esquerda) compuxeron a Mesa do Parlamento no inicio da segunda lexislatura.

4

XURXO LOBATO

A reelección de Albor

(21-2-1986)

1

XURXO LOBATO

A reelección de Gerardo Fernández Albor como presidente da Xunta resultou complicada e a súa xestación prolongouse durante dous longos meses. Todas as semanas houbo contactos e reunións entre uns e outros. A decisión final de Coalición Galega fíxose esperar moito.

Tras fracasar un acordo de investidura entre Coalición Popular e Coalición Galega, abriuse unha negociación para buscar un candidato alternativo dun goberno integrado por PSdeG-PSOE/CG/EG, que estivo a piques de frutificar.

Finalmente, Albor acadou a investidura na cuarta votación, grazas á abstención de Coalición Galega, despois de que a corrente do presidente Díaz Fuentes se impuxese ao grupo do secretario xeral, Rodríguez Peña, e do portavoz, González Mariñas.

O novo goberno de CP mostrouse moi inestable desde o primeiro momento e CG quedou ao bordo da ruptura polas súas discrepancias internas. Este convulso inicio da segunda lexislatura resultou premonitorio dos anos tan movidos e complicados que viñeron despois.

1. O candidato socialista González Laxe felicitou con elegancia a Fernández Albor tras a súa elección parlamentaria como presidente da Xunta a finais de febreiro, despois de dous meses de intensa actividade política.

2. Albor non puido evitar que a súa candidatura á presidencia fose derrotada na Cámara ata en tres ocasións. Barreiro deulle o seu apoio e multiplicouse nas súas xestións co sector máis moderado de CG para acadar a investidura de Albor.

3. Albor estivo á fronte dun goberno en funcións case ata a data límite para ter que se convocar novas eleccións, pero non se cansou de defender na tribuna de Fonseca a súa lexítima opción presidencial como candidato da lista máis votada.

4. O hotel Peregrino de Santiago acolleu as negociacións entre PSdeG-PSOE, CG e EG nas que se chegou a alcanzar un principio de acordo para formar un chamado goberno de progreso. (De dereita a esquerda, nunha rolda negociadora, González Laxe, Díaz Fuentes, Rodríguez Rodríguez, González Mariñas e Rodríguez Peña).

A compra do cuartel de Veterinaria

(24-3-1986)



Os deputados non sempre desenvolveron a súa actividade nas mellores condicións naqueles primeiros anos. Outro tanto lles sucedeu aos funcionarios, que se desdobraron no seu traballo moitas veces. A esta falta de medios humanos e materiais do Parlamento uniuse outra carencia importante: a falta dunha sede propia.

Co fin de paliar esa carencia e dotar o Parlamento dunhas instalacións dignas, a Xunta barallou a posible compra de varios edificios, ata que finalmente se decantou pola adquisición ao Ministerio de Defensa do cuartel do Hórreo, antiga facultade de Veterinaria.

A Mesa do Parlamento dirixiu o proceso de rehabilitación do acuartelamento e convocou un concurso de anteproxectos. O gañador foi o arquitecto galego Manuel A. Reboredo Santos, quen se puxo de seguido mans á obra. Tras redactar o proxecto definitivo encargouse tamén de dirixir a obras, que duraron dezaoito meses.

1. O ministro de Defensa, Narcís Serra, desprazouse ata Santiago para formalizar a venda do cuartel do Hórreo á Xunta de Galicia por 550 millóns de pesetas. Ademais do propio Serra rubricaron o documento oficial os presidentes da Xunta e do Parlamento, Albor e Rosón, respectivamente, e o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez.

2. O convenio asinado concedeulle ao Exército un ano de prazo para abandonar o cuartel. A Brigada de Infantería Isabel La Católica alí instalada fixo a súa entrega no devandito período logo dun solemne acto de pechamento e despedida.

3. Cando empezaron as obras, o novo presidente da Cámara, Tomás Pérez Vidal, e o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, seguiron de preto a rehabilitación do vello cuartel.

A morte de Rosón

(24-4-1986)

A compra do cuartel do Hórreo resultou o último servizo que Antonio Rosón lle fixo ao Parlamento e a Galicia. Poucos días despois foi hospitalizado ao agudizarse a súa bronquite crónica e xa non puido recuperarse.

O presidente do Parlamento morreu un mes despois do seu internamento en dous hospitais de Lugo. Rosón levou con moita dignidade a súa enfermidade e cumpriu sempre coas súas responsabilidades e os seus compromisos institucionais.

A Xunta concedeulle a medalla de ouro de Galicia e decretou tres días de loito oficial. O Parlamento emitiu unha declaración institucional na que se recoñecía o seu traballo e o seu amor por Galicia.

Por méritos propios, Rosón foi quen de recibir o título de home bo e xeneroso polo seu talante conciliador e a súa fonda humanidade, ademais de persoeiro clave na configuración da autonomía galega.

1. Unhas 7.000 persoas encheron Becerreá, a súa vila natal, para darlle o derradeiro adeus. Rosón foi enterrado no panteón familiar.

2. Albor colocou a medalla de ouro de Galicia sobre o féretro do seu vello amigo na súa sentida despedida.

3. Rosón mantívose no seu posto ata que non puido máis e rematou por vencelo a súa afección respiratoria.

XURXO LOBATO

Pérez Vidal, novo presidente

(13-5-1986)

O acceso de Tomás Pérez Vidal á cadeira presidencial non se produciu de xeito directo malia ocupar entón a vicepresidencia primeira. A práctica mantida requería un deputado da oposición pola falta de maioría absoluta de CP, pero a tradición rompeu.

EL CORREO GALLEGO

O posto de Rosón foi moi disputado, o que prolongou a paralización da actividade lexislativa. As primeiras negociacións centráronse en evitar que fose ocupado por un membro da coalición gobernante (CP), co fin de manter a pluralidade da Mesa.

CG descartou a posibilidade de situar na Presidencia un dos seus membros, a cambio dun pacto de lexislatura, e decantouse por asinar un acordo con CP a favor da normalización e do equilibrio na vida parlamentaria.

Este acordo situou na Presidencia da Cámara a Tomás Pérez Vidal (AP), ao tempo que Luís Cordeiro Rodríguez (CG) se converteu en vicepresidente primeiro. Ademais, a coalición gobernante perdeu a maioría que tiña na Mesa.

1. A nova Mesa do Parlamento quedou formada por Pablo Sande García, Francisco González Amadiós, Tomás Pérez Vidal, Luís Cordeiro Rodríguez e Manuel Núñez Carreira (de dereita a esquerda).

2. Xuventude e experiencia foron as dúas bazas principais que combinou ben Pérez Vidal para afrontar o difícil reto de dirixir a Cámara nunha etapa moi complicada.

REPROBACIÓN DE ALBOR

A segunda lexislatura abriuse cunha petición de comparecencia de Albor para que se explicase o transvasamento orgánico de varias direccións xerais á Presidencia da Xunta. O presidente optou por non acudir ao Parlamento, o que lle valeu unha reprobación, ademais dunha solicitude de rectificación á remodelación acometida.

RUPTURA DE COALICIÓN GALEGA

CG entrou nun camiño sen saída polas súas continuas disputas e viuse abocada á súa ruptura no verán de 1986. Á dimisión de Antonio Díaz Fuentes como presidente seguiu a marcha do sector que encabezaban González Mariñas e Rodríguez Peña, que pronto fundaron o Partido Nacionalista Galego.

50 anos do Estatuto do 36

(28-6-1986)

O Parlamento impulsou por iniciativa propia a conmemoración do 50.º aniversario do plebiscito do Estatuto de autonomía de 1936 e fixo unha declaración institucional na que resaltou a efeméride.

Bibiano Fernández Osorio Tafall volveu a Galicia desde o seu exilio en México como invitado especial en calidade de vello presidente do Comité Central da Autonomía durante a República. Unha chamada á concordia marcou a súa emotiva intervención.

ARQUIVO PARLAMENTO

ARQUIVO PARLAMENTO

1. O salón da facultade de Medicina acolleu o acto principal do programa conmemorativo, no que brillou con luz propia a figura histórica de Osorio Tafall co seu vibrante discurso a favor da reconciliación definitiva dos bandos enfrontados na Guerra civil.

2. Moitos vellos galeguistas asistiron á celebración das vodas de ouro do primeiro Estatuto galego. De esquerda a dereita, Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Pousa Antelo, Carballo Calero, Borobó, Xosé Adrio e Daría González. Detrás, as irmás Lorenzana, Martínez López e Cesáreo Saco.

3. O príncipe Felipe resaltou o seu achegamento á cultura, á paisaxe e á forma de ser do pobo galego durante as súas saídas da ENM, onde permaneceu durante tres meses.

4. Os voceiros dos grupos expuxéronlle ao príncipe os seus labores e mostráronlle unha gran cordialidade ao herdeiro da coroa polo xesto da súa visita á Cámara como expoñente das distintas opcións políticas.

A visita do príncipe

(15-12-1986)

O príncipe de Asturias, Felipe de Borbón, fixo unha visita ao Parlamento para coñecer as súas actividades antes de concluír o seu período de formación na Escola Naval Militar de Marín. Con tal motivo realizouse unha solemne saudación institucional no salón de sesións.

Os deputados brindáronlle unha cálida acollida ao herdeiro da coroa nesta primeira estadía na Cámara galega. Departiu amablemente con todos eles e recibiu as explicacións solicitadas sobre as súas inquietudes.

A ruptura de Barreiro

(30-10-1986)

O presidente Albor tratou de convencer ao vicepresidente Barreiro para encontrar xuntos unha saída á crise. Pero o acordo non foi posible.

XURXO LOBATO

A portada de *Faro de Vigo* foi a chispa que desencadeou a crise.

A portada de *El Correo Gallego* mostrou a enorme incerteza creada.

A portada de *La Voz de Galicia* apuntou o rumbo elixido para a resolución do caso.

Diario de Pontevedra elixiu unha alegoría sobre Dióxenes e a súa lámpada para reflectir a resolución da crise por Albor.

Un problema de gobernabilidade levou ao vicepresidente Barreiro a plantarse de improviso ante o presidente Albor no inicio dun Consello da Xunta para forzar a súa renuncia co apoio de varios conselleiros.

Durante todo o día sucedéronse contactos, reunións e chamadas telefónicas, pero Albor non conseguiu que Barreiro dese marcha atrás. A reunión do Goberno finalizou entrada a noite coa renuncia de todos os conselleiros para deixarlle as mans libres ao presidente na resolución da crise.

O apoio do presidente nacional Manuel Fraga e o apoio da cúpula directiva de Alianza Popular foron decisivos para a continuidade de Albor, que foi quen de salvar a delicada situación en poucos días.

Coa axuda primordial de Romay Beccaría, o presidente Albor conseguiu formar un novo goberno da Xunta, aínda que sen o apoio explícito do seu grupo parlamentario, no que Barreiro e os seus seguidores se mantiveron durante un tempo.



O Goberno de Galicia.



Siro.

Alborada.

A volta de Rajoy

(4-11-1986)

FARO DE VIGO

EL CORREO GALLEGO

2

FARO DE VIGO

Mariano Rajoy deixou o seu cargo de presidente da Deputación de Pontevedra para substituír a Xosé Luís Barreiro como vicepresidente da Xunta. Home forte do novo goberno e principal colaborador do presidente Albor, Rajoy tamén se multiplicou no traballo parlamentario.

Durante a sesión promovida polos grupos opositores para reclamar unha explicación sobre a crise Albor-Barreiro, o vello tribuno Manuel Iglesias Corral pronunciou a frase máis célebre da historia do Parlamento de Galicia: -"¿Quen dixo que aquí non pasaba nada? ¡Aquí pasou o que pasou!"

Coalición Popular e Coalición Galega chegaron a un acordo non asinado para garantir a estabilidade do novo goberno. Foi o derradeiro intento de salvar unha situación que pronto se faría insostible polas pugnas internas en ambas as dúas formacións políticas.

1. Mariano Rajoy traballou arreo no Goberno e afanouse moito durante esta época defendendo as iniciativas da Xunta e rexeitando as críticas dos deputados máis combativos.

2. María Jesús Sainz foi a primeira muller que estivo á fronte dunha consellería da Xunta (Educación) ao entrar a formar parte do goberno constituído por Albor tras a crise aberta por Barreiro.

3. A célebre frase pronunciada de forma totalmente espontánea por Iglesias Corral acaparou todo o protagonismo do debate parlamentario e borrou as demais intervencións.



O Séneca.

Siro.

3

EL CORREO GALLEGO

A moción de censura

(23-9-1987)

Albor e Rajoy fixeron todo o que puideron para salvar a caída do goberno de CP, pero as súas argumentacións foron inútiles. O candidato socialista, González Laxe, defendeu a necesidade e a lexitimidade da moción de censura.

1

FARO DE VIGO

Moción dentro, emoción fóra.

A moción fría por dentro e quente por fóra.

- ¡ Non pasa nada !

Despois da súa marcha de AP, a elección de Xosé Luís Barreiro como secretario xeral de Coalición Galega achandou o camiño a un acordo parlamentario co PSdeG-PSOE e o PNG para presentar unha moción de censura, co fin de desbancar o goberno de Albor.

A negociación madurouse no verán de 1987, e cando o acordo estivo perfilado, o PSdeG-PSOE presentou a primeira moción de censura que chegou a un Parlamento en España con visos de prosperar. O anuncio abriu un amplo debate social sobre a lexitimidade do acordo.

Tal e como se esperaba, a moción de censura saíu a adiante. O socialista Fernando González Laxe foi elixido novo presidente por unha ampla maioría. Na hora do adeus, Albor fixo desde a tribuna unha emotiva despedida.

Laxe, presidente do tripartito

(29-9-1987)

1

NOVOA

Fernando González Laxe tomou posesión como presidente da Xunta na sede do Parlamento. Como primeiro obxectivo fixouse a conquista dunha nova orde política, económica e social. Tamén prometeu eficacia na súa xestión e amosouse confiado na estabilidade do seu goberno.

O Goberno tripartito púxose en marcha co estrito cumprimento do "Pacto dos Tilos", nome do hotel compostelán onde representantes dos partidos que avalaron a moción de censura asinaron dous documentos coas súas bases e os seus compromisos.

O PSdeG-PSOE asumiu a presidencia e cinco consellerías. CG obtivo a única vicepresidencia para Barreiro e tres consellerías. O PNG asumiu dúas consellerías para González Mariñas (Presidencia) e Rodríguez Peña (Pesca).

1. As primeiras autoridades galegas, co delegado do Goberno, García Sabell, á fronte, asistiron á toma de posesión de González Laxe no pazo de Fonseca. O novo presidente prometeu o seu cargo ante os membros da Mesa do Parlamento.

2. A composición do Goberno tripartito, integrado por 11 membros, provocou varias sorpresas. A maior foi a designación de Fernando Salgado para Economía e Facenda, e destacou a presenza de Antolín Sánchez Presedo en Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Neste caso, non houbo ningunha muller.

3. Laxe e o seu goberno foron moi participativos nas tarefas parlamentarias, e defenderon con firmeza as súas propostas lexislativas.

O momento máis difícil

(2-3-1988)

Douscentos traballadores de dúas empresas en crise, Mafriesa e Propecsa, provocaron o incidente máis grave da historia do Parlamento. Só a prudencia dos deputados evitou males maiores. Pero os líderes sindicais foron condenados ao desterro por un delito contra altos organismos da Comunidade Autónoma.

Tras unha concentración de protesta nas inmediacións do pazo de Fonseca, os traballadores irromperon no vestíbulo e provocaron unha paralización da sesión plenaria que se estaba a realizar. Reforzos policiais cargaron contra os manifestantes ata conseguir o seu desaloxo definitivo.

Cumio de presidentes

(1-7-1989)

Por vez primeira, o Parlamento de Galicia acolleu unha reunión de presidentes de cámaras autonómicas para intercambiar opinións e informacións sobre problemas comúns. Pérez Vidal aproveitou a estrea da nova sede para exercer como anfitrión dos seus colegas, que tamén realizaron unha cea de traballo co presidente González Laxe.

O papel dos parlamentos autonómicos no marco da CE e a súas relacións co Senado foi unha cuestión moi comentada, xunto coa apertura de canles de participación dos cidadáns na vida parlamentaria. Os 15 presidentes que participaron neste cumio de Santiago mostraron a súa preocupación polo transfuguismo e o refuxio nos grupos mixtos.

1. Os traballadores do grupo Rumasa pretendían entrevistarse co conselleiro de Agricultura para solucionar os seus problemas e trasladáronse ao Parlamento cando souberon que alí estaba Francisco Sineiro.

2. Aos berros que coreaban os manifestantes, seguiron os seus empurróns contra os policías que custodiaban a porta de entrada, ata que penetraron no interior e orixinaron un forte alboroto.

3. A invitación que Pérez Vidal lles fixo aos demais presidentes de parlamentos autonómicos para coñecer o pazo do Hórreo tivo unha extraordinaria resposta. Non faltou ninguén, salvo Madrid e Castela-A Mancha por causas de forza maior, mentres que Castela-León tivo que ausentarse precipitadamente.

A autonomía a debate

(14-3-1989)



1



M. BLANCO

NOVOA

2

3

A nova sede do Parlamento no pazo do Hórreo, aínda que sen rematar as obras, abriuse co primeiro debate sobre o estado da Autonomía que tivo lugar en Galicia. O Consello da Xunta considerou a súa realización como unha esixencia do momento político, un exercicio de transparencia e unha mostra de modernidade.

O presidente Laxe estreou a tribuna cunha longa intervención, na que fixo unha valoración triunfalista dos logros do seu goberno nos 18 meses transcorridos desde a súa toma de posesión. Os proxectos das dúas autovías para conectar Galicia coa Meseta foi o anuncio máis importante do seu discurso.

Tamén se mostrou satisfeito pola cohesión interna do tripartito PSdeG-PSOE/CG/PNG e anticipou a súa convicción de gañar as seguintes eleccións para continuar como presidente ata 1993. Pero ao día seguinte, o vicepresidente Barreiro emendoulle a plana cunha dura autocrítica en nome de CG.

A admisión de resolucións deulle a este debate especial un maior vigor político na terceira e última xornada. Pero o Goberno só aceptou 3 propostas das 31 que presentou a oposición. Á súa conclusión, Laxe dixo que o debate non fora estéril.

1. Beiras (BNG), Carro (PSdeG-PSOE) e Portomeñe (AP) defenderon as propostas dos seus respectivos grupos. Os dous primeiros só lograron a aprobación dunha iniciativa, mentres que todas as propostas dos socialistas saíron a adiante. Laxe encontrouse cómodo replicándolle á oposición parlamentaria.

2. Os membros da Mesa tiveron que familiarizarse pronto coas modernas dotacións do novo hemiciclo do pazo do Hórreo para dirixir os debates e controlar as votacións reflectidas nun gran panel luminoso.

3. Laxe leu un discurso de 157 folios en 90 minutos en ton moderado. Ao acabar só foi aplaudido polos deputados socialistas, mentres os seus compañeiros de goberno permanecían impasibles.

4. Os membros do Grupo Mixto queixáronse da falta de negociación de moitas das súas propostas por parte do Goberno tripartito. Pero Sánchez Castiñeiras (CG) replicou que a gran maioría fora aprobada, aínda que con textos distintos.



4


LALO

A lei das tres universidades

(11-7-1989)

A Lei de ordenación do sistema universitario galego acadou o último gran consenso parlamentario da década dos 80, e supuxo na práctica a creación das universidades de Vigo e da Coruña. Os seus alcaldes, Manuel Soto e Francisco Vázquez, acolleron a súa aprobación con moito entusiasmo.

O proxecto que iniciara Vázquez Portomeñe en 1984 foi retomado polo conselleiro Aniceto Núñez, que logrou sacar a adiante unha lei histórica que acabou co centralismo universitario centenario de Santiago de Compostela.





1. Miguel Barros (arriba) apoiou a lei en nome do PSdeG-PSOE, e Fernando González (AP) presentou o texto da ponencia, que foi enriquecido coa colaboración de todos os partidos. O conselleiro Aniceto Núñez mencionou a Aristóteles para valorar a lei como froito da grandeza de espírito dos políticos.

2. A comisión promotora da primeira lei de iniciativa popular sentiuse moi satisfeita cando presentou no rexistro da Cámara case o dobre das sinaturas necesarias para a súa tramitación. Ramón Varela foi o primeiro cidadán galego que falou oficialmente na Cámara para defender a lei. O seu rexeitamento parlamentario foi considerado unha labazada aos miles de asinantes.

3. O portavoz de CG, Sánchez Castiñeiras, recoñeceulle algúns méritos á iniciativa popular, pero mantivo a disciplina de voto negativo que decidira o Goberno tripartito e que impediu a súa aprobación pese a contar co apoio dos restantes grupos, desde AP ata EG e o BNG.

A lei da iniciativa popular

(20-6-1989)

2 EL CORREO GALLEGO

A aprobación da lei de iniciativa lexislativa popular foi moi celebrada polos colectivos máis reivindicativos. Pero as primeiras proposicións que chegaron ao Parlamento non acadaron os votos necesarios para a súa aprobación.

A primeira proposición tramitada na Cámara viña avalada por 34.066 sinaturas en demanda dunha protección especial para o patrimonio forestal. O presidente de Adega , Ramón Varela, encargouse sen éxito da súa defensa na tribuna parlamentaria. O Goberno tripartito rexeitouna por considerala moi custosa.



EFE

3

A inauguración do Hórreo

(10-10-1989)

ARQUIVO PARLAMENTO

O acto de inauguración oficial da nova sede do Parlamento fíxose coincidir coa última sesión da segunda lexislatura, aínda que as súas instalacións xa levaban seis meses funcionando con normalidade.

As obras foron dirixidas polo propio autor do proxecto de rehabilitación, Manuel Reboredo Santos, e mereceron o recoñecemento xeral pola súa concepción e execución, que encheron de luminosidade, confort e funcionalidade cada recuncho do vello acuartelamento.

A nova sede unificou por fin todos os servizos da Cámara e supuxo unha mellora considerable. Atrás quedaron as incomodidades e carencias que condicionaron moitas veces o normal desenvolvemento da actividade parlamentaria.

GOBERNO EN MINORÍA

O Goberno tripartito afrontou en minoría parlamentaria o último ano desta axitada lexislatura tras quedar con só 35 deputados. Moi soado foi o abandono do PSdeG-PSOE por parte de Francisco González Amadiós, así como a renuncia ao seu escano do secretario xeral de UGT de Galicia, Xesús Mosquera, por causa da folga xeral contra o goberno de Felipe González.

INTENSIDADE LEXISLATIVA

O Parlamento rexistrou unha intensa actividade ao final da segunda lexislatura. En 1989 aprobáronse un total de 19 leis, un número maior que en calquera outro ano anterior. Entre outras, destacaron as leis do Servizo Galego de Saúde, do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, da Escola Galega de Administración Pública e de Montes Veciñais en Man Común.

1. Na cerimonia de inauguración do pazo do Hórreo, Pérez Vidal fixo un breve discurso ante autoridades e invitados para resaltar a significación que tiña para o Parlamento contar, por fin, cunha sede propia.

2. A bendición das instalacións e o descubrimento dunha placa conmemorativa pecharon o acto oficial. A continuación, Pérez Vidal encabezou a comitiva que percorreu o edificio.

3. A fachada principal sufriu algunhas modificacións, sobre todo no remate frontal, onde agora loce o escudo de Galicia. O coidado xardín foi medrando co paso do tempo. A vidreira deseñada por Díaz Pardo loce sobre a Mesa no hemiciclo. O Salón dos Reis é o lugar reservado para os actos relevantes.

A era de Fraga

(17-12-1989)

M. BLANCO

2

ARQUIVO PARLAMENTO

3

Manuel Fraga conseguiu nas eleccións galegas a gran vitoria que sempre lle fora negada nas eleccións xerais. Coa nova lei electoral, que subiu de 71 a 75 o número de deputados, o candidato do PP á Presidencia da Xunta acadou a primeira maioría absoluta na historia da democracia en Galicia.

Fraga mostrouse exultante por lograr este fito no outono da súa dilatada vida política e deuse un baño de masas cunha apoteósica toma de posesión que comezou no Parlamento e terminou ante o Panteón de Galegos Ilustres. O seu primeiro goberno estivo formado por 11 membros, sen ningunha muller.

Victorino Núñez foi elixido presidente do Parlamento e o PP recuperou o control da Mesa. Pouco despois, José Cora Rodríguez foi designado primeiro valedor do pobo no desenvolvemento da lei que estaba pendente. O mesmo pasou coa Lei do consello de contas.

A cabalo entre os séculos XX e XXI Manuel Fraga abriu unha nova era política en Galicia, que se prolongou durante dezaseis anos, tras acadar catro maiorías absolutas consecutivas nas seguintes eleccións autonómicas. Pero esa xa é outra historia que non ten cabida aquí.

1. Unha gran multitude de militantes e simpatizantes do PP acompañou a Manuel Fraga na súa toma de posesión e posou ao seu carón no exterior do pazo do Hórreo.

2. Manuel Fraga mostrouse moi emocionado no momento solemne do seu xuramento como presidente da Xunta de Galicia, que se levou a cabo na sede do Parlamento.

3. A composición da Mesa do Parlamento reflectiu a maioría lograda polo PP. De dereita a esquerda, José Nogueira e Antonio Carro (PSdeG-PSOE), e Victorino Núñez, José María García Leira e Tomás Iribarren (PP). Nas esquinas, os letrados Baldomero Cores e José Ramón Cólera.

4. Fraga foi inmortalizado de xeito maxistral por Siro, unido sempre á gaita en todas as súas caricaturas, como reflexo da súa primeira e multitudinaria toma de posesión como presidente da Xunta rodeado de 6.000 gaiteiros.

4

Siro.

Video 1

Imaxes da I lexislatura
(1981-1985)

Imaxes cedidas por RTVE
da súa serie documental
"25 anos de Autonomía"

Campaña das eleccións galegas de 1981
Resultado electoral imprevisto
Constitución do primeiro Parlamento de Galicia
Elección do presidente e dos membros da Mesa do Parlamento de Galicia
Gerardo Fernández Albor, candidato a presidente da Xunta de Galicia
Intervención de Claudio López Garrido (Bloque-PSG)
Intervención de Ramón Piñeiro (Independentes/PSdeG-PSOE)
Intervención de Xosé Luís Barreiro (AP)
Intervención de Fernández Albor, xa elixido como presidente
O traslado do Parlamento desde o pazo de Xelmírez ao pazo de Fonseca
A polémica da capitalidade das primeiras institucións galegas
O primeiro Regulamento do Parlamento e a expulsión dos deputados do Bloque-PSG
A aprobación unánime da Lei de normalización lingüística
Valoración de Camilo Nogueira (EG)
Valoración de Ceferino Díaz (PSdeG-PSOE)
A ruptura da Unión do Centro Democrático
O novo goberno galego con maioría parlamentaria
Carlos Mella, novo vicepresidente económico da Xunta de Galicia
O nacemento de Coalición Galega
A chegada dos restos de Castelao
A nova lei electoral e outras leis
Valoración de Anxo Guerreiro (PCG)
Valoración de Camilo Nogueira (EG)
Valoración de José María Pardo Montero (UCD)
Valoración de Antolín Sánchez Presedo (PSdeG-PSOE)
Valoración de Tomás Pérez Vidal (AP)

Imaxes da II lexislatura
(1985-1989)

Imaxes cedidas por RTVE
da súa serie documental
"25 anos de Autonomía"

Resultado das eleccións galegas de 1985
Bloqueada a designación do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia
Intervención de Xosé Manuel Beiras (BNG)
Intervención de Camilo Nogueira (EG)
Intervención de Pablo González Mariñas (CG)
Intervención de Fernando González Laxe (PSdeG-PSOE)
A reelección como presidente de Gerardo Fernández Albor
A dimisión de Xosé Luís Barreiro como vicepresidente da Xunta
A célebre intervención parlamentaria de Manuel Iglesias Corral
A resolución da crise de goberno
Fernández Albor forma novo goberno con Mariano Rajoy de vicepresidente da Xunta
O pacto de Coalición Popular con Coalición Galega para facilitar a gobernabilidade
A entrada de Xosé Luís Barreiro e outros deputados en Coalición Galega
O secretario xeral do PSdeG-PSOE, Antolín Sánchez Presedo, anuncia a moción de censura
Fernando González Laxe defende no Parlamento a súa candidatura á Presidencia da Xunta de Galicia
A emocionada despedida de Gerardo Fernández Albor
O triunfo da moción de censura
A formación do novo Goberno tripartito presidido por Fernando González Laxe
A aprobación por consenso da Lei de ordenación do sistema universitario
O Parlamento de Galicia estrea a súa nova sede no pazo do Hórreo

O Parlamento de Galicia agradece a RTVE a cesión deste material.

FONTES DOCUMENTAIS

ARQUIVOS

Biblioteca do Parlamento de Galicia
Diario de Sesións do Parlamento de Galicia
Anuarios de La Voz de Galicia (1984-1990)
Serie de TVE "25 anos de Autonomía"

FOTOGRAFÍAS E PORTADAS

Xurxo Lobato
Manolo Blanco
Novoa
Tino Viz
Lalo
Blanco
Arquivo Diario de Pontevedra
Arquivo El Correo Gallego
Arquivo Faro de Vigo
Arquivo La Voz de Galicia
Arquivo Museo de Pontevedra

CARICATURAS

Siro López

www.parlamentodegalicia.es

www.parlamentodegalicia.es